



## Acordo da Xunta Directiva da FGA

**Data:** Venres, 7 de maio de 2021

**Carácter:** Telemática (Councilbox)

**Convocada:** Polo presidente da FGA, conforme ao artigo 29º dos estatutos da FGA

**Motivo:** Cambios nos orzamentos 2021

**Órgano competente:** Comisión Delegada, conforme ao artigo 20º dos estatutos da FGA, previo informe da Xunta Directiva

**Xustificación da proposta:** A última Asemblea Xeral Ordinaria da FGA aprobou os orzamentos correspondentes á tempada 2021. No apartado de “compras”, destináronse 3.500 euros, sen contar os 15.000 euros, computados ao exercicio 2020 para a renovación dos uniformes do Comité Galego de Xuíces. Dita cantidade de 3.500 euros, a raíz da rotura de varios artefactos, entre outros, é insuficiente para afrontar compras de material de competicións solicitado polas delegacións da FGA para desenvolver con normalidade, tanto os Campionatos de Galicia, controis, como o resto de probas organizadas polos clubs, entre outras necesidades.

Por outra banda, debido á outorgar prioridade á actividade deportiva, tanto na organización dos Campionatos de Galicia como ás convocatorias da Selección Galega, non se poido consignar respaldo orzamentario para desenvolver xornadas de concentracións nin material de adestramento no capítulo do “Plan Galego de Tecnificación Atlética (PGTA)”,

Pero, debido á favorable evolución do numero de licenzas dos diferentes estamentos e ao froito das xestións feitas, ata o momento, con diferentes concellos galegos solicitando a súa colaboración orzamentaria para a celebración dos campionatos de Galicia, pódese constatar un incremento dos ingresos, ata o día de hoxe, en torno a 17.000 euros, en números redondos.

### Integrantes da Xunta Directiva:

- Santiago Ferrer Moreira Vogal - **VOTOU**
- Teresa Castro Villaverde Vogal - **VOTOU**
- Iván Pablo Sanmartín Carreira, Vicepresidente - Estrutura Territorial - **VOTOU**
- Ramón Tasende Díaz Vicepresidente - Área de Formación - **VOTOU**
- José Antonio Álvarez Pérez Vogal - **VOTOU**
- Isidoro Hornillos Baz Presidente - **VOTOU**
- María del Carmen Torres Castiñeira Vogal - **VOTOU**
- Rosa Sierra Palmeiro Vogal - **VOTOU**
- Juan Guerrero Pascual Vogal - **VOTOU**
- Jose David García Arcos Vogal - **VOTOU**
- Josefina Maestu Almeida Vogal - **VOTOU**
- Eladio Gómez Rosales \_ Vicepresidente 1º - Estamentos Atléticos - **VOTOU**
- Diego González Martínez Vogal – **VOTOU**
- Ramiro Cillero Varela Vicepresidente - Área Deportiva Ramiro Cillero Varela – **NON VOTOU**
- Jesús Vázquez Tallón Vicepresidente - Institucións e Social – **NON VOTOU**
- Miguel Soto Castiñeira Vogal – **NON VOTOU**

**Resultados da votación:** 12 votos a favor, 0 votos en contra, 1 abstención e 3 membros non votan.

**Acordo adoptado.** Propoñer á Comisión Delegada que o gasto dos 17.000 euros sexa nos seguintes capítulos: 5.000 euros ao de “compras” para complementar a cantidade aprobada (3.500) e 12.000 euros para reactivar o Plan Galego de Tecnificación Atlética 2021